Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

CIG-AEAT · VIXILANCIA ADUANEIRA · ENTREGA 3 DE 3 · GARDA CIVIL E POLICÍA NACIONAL

Vixilancia Aduaneira comparada coa Garda Civil e a Policía Nacional: teñen un específico singular que non hai noutras administracións

Axentes de Vixilancia Aduaneira da AEAT en Galiza (investigación, en terra, e marítimos, no mar) e Garda Civil e Policía Nacional. O seu complemento específico ten dúas partes: o compoñente xeral e o singular, cuxos importes non son públicos.

A Garda Civil e a Policía Nacional cobran un específico singular a maiores

O complemento específico da Garda Civil e da Policía Nacional ten dúas partes: o **compoñente xeral**, fixo por emprego (7.440 € ao ano para un garda ou un policía) e o **compoñente singular**, ligado ao posto, que **non existe noutras administracións** e cuxos importes **non son públicos**. Un axente de Vixilancia Aduaneira (VA) entra cun específico total de **9.256 €** (investigación) ou **10.263 €** (marítimo). Con ese singular, as súas retribucións son máis altas.

12,75 %
de poder adquisitivo perdido dende xaneiro de 2020 (IPC ata setembro de 2026, avance do INE).

7.440 €
ao ano de compoñente xeral dun garda civil ou policía (2026). Ao que hai que sumar o singular. Un axente de VA, 9.256 € en total.

+6 % a +71 %
sobre o axente de investigación 1 de VA, ao sumar o singular estimado (non oficial) ao compoñente xeral.

A AEAT exixe cada vez máis, e logo non paga

- **Formación e actualización constantes**, e tarefas novas que non son tributarias: certificacións dixitais, Cl@ve...
- **Servizos e campañas novas**: atención telefónica en horario de tarde, campaña de renda, novo modelo de información e asistencia. Ou non se retribúen, ou pagan vía produtividade, que non é salario e pode retirarse en calquera momento.
- **Obxectivos cada vez maiores** e récords de recadación, grazas ao traballo de todo o persoal.
- **E a cambio, nada**: os complementos específicos seguen nos importes de 2007 e o PIA nos de 2015, mentres o IPC chega ao 4,9 % e a suba salarial fixa de 2026 é do 1,5 %.

O específico singular: a diferenza

Na Garda Civil e na Policía Nacional o específico divídese en compoñente xeral e compoñente singular. O singular paga a dificultade técnica, a responsabilidade, a perigosidade ou a penosidade do posto e fíxase posto a posto no catálogo, sen publicarse. Noutras administracións só hai un específico por posto. Por iso, para comparar con VA hai que sumar os dous, e o singular só se pode estimar. A CIG defende por igual o persoal de todos os corpos de seguridade e pide transparencia.

O foco desta nota: os axentes de VA dos tramos baixos. A RPT da AEAT en Galiza ten 315 postos de axente de VA (C1): 129 de investigación, 182 marítimos e 4 aéreos. Case dous de cada tres (204) están nos tramos 1 a 3, entre 8.725 € e 12.162 € de específico.

Cada mes, o salario do persoal da AEAT compra menos

Perda mensual de poder adquisitivo do persoal xeral da AEAT, soldo de 2020 comparado con 2026 (IPC ata setembro de 2026).

C2 · tramo 1	**94,00 €**	C2 · tramo 6	**205,58 €**
C1 · tramo 1	**195,15 €**	C1 · tramo 6	**260,25 €**
A2 · tramo 1	**278,07 €**	A2 · tramo 6	**398,68 €**

A CIG esixe unha cláusula de garantía salarial ligada ao IPC real, a revisión inmediata das retribucións e un calendario para recuperar todo o poder adquisitivo perdido. O IPC de setembro é un avance do INE. Non se inclúen PIA nin outras produtividades. Fonte: CIG-AEAT, CIG-Administración Pública e INE.

VA comparada coa Garda Civil e a Policía Nacional

Compoñente xeral do específico 2026 por emprego (GC e PN, grupo C1) e, despois, o total aproximado ao sumar o singular estimado. En **vermello**, os tramos baixos de VA.

1 · Só o compoñente xeral (sen o singular)

VA · Axente entrada · niv. 16	**8.725 €**
VA · Axente investigación 1 · niv. 18	**9.256 €**
VA · Axente marítimo 1 · niv. 18	**10.263 €**
VA · axentes 2 a 6 (inv. e mar.)	**10.206 € – 16.535 €**
GC · Cabo maior · niv. 20	**10.404 €** · **+12 %** · **+1 %**
PN · Oficial · niv. 19	**9.588 €** · **+4 %** · **–7 %**
GC · Cabo 1º · niv. 19	**9.456 €** · **+2 %** · **–8 %**
GC · Cabo · niv. 19	**8.496 €** · **–8 %** · **–17 %**
GC · Garda · PN · Policía · niv. 17	**7.440 €** · **–20 %** · **–28 %**

As dúas porcentaxes comparan co axente de investigación 1 (9.256 €) e co marítimo 1 (10.263 €). Isto é só unha parte do específico da Garda Civil e da Policía Nacional: falta o singular.

2 · Compoñente xeral + singular estimado (aproximación)

Importes anuais en euros. O singular é unha estimación media non oficial (os importes reais non son públicos). Axente/garda/policía, C1.

Posto	Xeral	Singular est.	Total aprox.	Sobre VA inv. 1
Garda Civil · Seguridade cidadá	**7.440 €**	**2.400–3.600**	**9.840–11.040 €**	**+6 % a +19 %**
Garda Civil · Servizo Marítimo *	**7.440 €**	**4.800–7.800**	**12.240–15.240 €**	**+32 % a +65 %**
Policía Nacional · Operativo ordinario	**7.440 €**	**3.000–4.560**	**10.440–12.000 €**	**+13 % a +30 %**
Policía Nacional · Especialidades técnicas	**7.440 €**	**4.200–6.000**	**11.640–13.440 €**	**+26 % a +45 %**
Policía Nacional · Intervención e elite	**7.440 €**	**6.600–8.400**	**14.040–15.840 €**	**+52 % a +71 %**

Referencia VA: investigación 1, 9.256 €; marítimo 1, 10.263 €. * Servizo Marítimo da Garda Civil: lectura da CIG da estimación (base de seguridade cidadá de 200–300 € ao mes máis un adicional de 200–350 €). Non inclúe produtividades nin gratificacións.

Complementos da Garda Civil e da Policía Nacional sen importe público

Nomes segundo o RD 950/2005 (art. 4) e a Orde INT/631/2024 sobre incentivos ao rendemento da Garda Civil.

Compoñente singular do específico	Parte do complemento específico que non existe noutras administracións. Paga a dificultade técnica, a responsabilidade, a perigosidade ou a penosidade de cada posto. Fíxase posto a posto no catálogo e non se publica.
Produtividade estrutural	Por desempeñar un posto da estrutura, segundo o réxime de servizo. Ata 3 tramos, en porcentaxe da Contía Vinculada ao Emprego (CVE). Pagamento mensual.
Produtividade por actividade extraordinaria	Por servizos de especial dedicación ou dificultade, horas nocturnas, festivas ou de especial significación, sucesións de mando, cambios de descanso, acumulación de funcións e **servizo en buques oceánicos, de altura e patrulleiras medias do Servizo Marítimo**.
Produtividade por obxectivos	Por resultados e disponibilidade. Mensual, trimestral, semestral ou anual.
Gratificacións por servizos extraordinarios	Por exceder a xornada, servizos en lugar de descansos ou de vacacións de verán e actuacións especiais fóra de xornada.
Indemnizacións	Por residencia, servizo e vestiario.

Lectura:

O específico é maior: o garda civil e o policía teñen un compoñente xeral de 7.440 € ao ano que, só con el, queda un 20 % por debaixo de VA investigación 1. Pero a ese compoñente hai que sumarlle o **específico singular**, que non existe noutras administracións. Con el, as retribucións estimadas supoñen entre un 6 % e un 71 % máis ca o tramo 1 de VA investigación, segundo o posto (o Servizo Marítimo da Garda Civil, entre un 32 % e un 65 %).

Que non sabemos: os importes do singular non son públicos, e tampouco os das produtividades e gratificacións, que se suman. Os totais da nota son por tanto unha aproximación e non inclúen esas produtividades nin gratificacións.

Terra e mar: a Garda Civil recoñece o servizo no mar con singular propio e cunha produtividade para buques oceánicos, de altura e patrulleiras medias. En VA, o axente marítimo cobra entre un 6 % e un 11 % máis có de investigación do mesmo tramo.

A CIG pide transparencia: que se publiquen os importes do singular e das produtividades e que a AEAT retribúa a VA á altura do que se esixe.

Compoñente xeral 2026 (mensual × 12): follas de soldos da Garda Civil e da Policía Nacional que manexa a CIG (RD 950/2005 e RDL 14/2025), fonte non oficial contrastada co Anexo III do RD 950/2005 (BOE-A-2005-13122). Compoñente singular: estimacións medias dun documento de traballo sen fonte oficial; os importes reais constan no catálogo de postos aprobado pola Comisión Executiva da Comisión Interministerial de Retribucións e non son públicos. Datos de VA: RPT de Galiza do 01/10/2026, sen produtividades nin outros complementos. Orde INT/631/2024 (BOE-A-2024-12810).

A loita é o único camiño!